

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2012.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 17 de outubro de 2012, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ, con retraso. (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup>. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup> MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D<sup>a</sup> MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

NON ASISTE:

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 24.09.2012.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 07.09.2012 AO 11.10.2012.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN DE CRÉDITOS NON DISPOÑIBLES.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

10º) MOCIÓNS.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 24.09.2012.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 24 de setembro de 2012.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

### **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 07.09.2012 AO 11.10.2012.**

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

07.09.12.- Autorización para a celebración durante os días 22 e 23 de setembro de 2012 da XXX FESTA DO CABALO DE BRIÓN.

10.09.12.- Inicio expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no padrón de habitantes.

11.09.12.- Deixar sen efecto a resolución de concesión da subvención á Asemblea de Cooperación pola Paz por non presentar xustificación.

11.09.12.- Aprobación parcial da xustificación de subvención presentada pola Asociación Xuvenil Carballeira.

11.09.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Quintáns.

11.09.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Brans de Abaixo.

11.09.12.- Aprobar conta xustificativa da subvención concedida para a actuación en prevención e defensa contra incendios forestais. (Convenio entre a Consellería de Presidencia e a FEGAMP).

11.09.12.- Aprobar conta xustificativa da subvención concedida para a actuación en prevención e defensa contra incendios forestais. (Convenio entre a Consellería de Medio Rural e a FEGAMP).

11.09.12.- Aprobar conta xustificativa da subvención concedida para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal.

11.09.12.- Contratar polo sistema de contrato menor as actuacións adxudicadas ao Concello na programación da Rede Cultural da Deputación do ano 2012.

12.09.12.- Estimación da alegación presentada solicitando a baixa da taxa por saneamento e depuración da vivenda sita no lugar de Sabaxáns nº 8.

12.09.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de agosto de 2012.

12.09.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio dependentes correspondente ao mes de agosto de 2012.

12.09.12.- Autorización e disposición do gasto pola cantidade de 270,00 €, para a actividade da exposición de carteis relacionados coa Romaría de Santa Minia.

13.09.12.- Aceptación dunha subvención concedida por importe de 31.943,44 euros do Fondo Compensación Ambiental 2012.

14.09.12.- Anulación do escrito de 17.08.2012 referente ao devengo de retribucións.

14.09.12.- Autorización para celebrar os días 28 e 29 de setembro de 2012, os festexos na honra de San Miguel, no lugar de A Igrexa, parroquia de Boullón.

14.09.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de setembro de 2012.

14.09.12.- Adjudicación á empresa BARBATANA SL, a execución do contrato de servizos de: ESCOLAS MUSICAIS 2012-2013.

14.09.12.- Aprobación bases praza auxiliar administrativo.

17.09.12.- Non prórroga do contrato de axuda a domicilio coa empresa MEULAR SERVICIOS ASISTENCIAIS SLU e ordenando a continuación do servizo ata a nova contratación.

17.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 11.573,78 euros. (Unión Fenosa Comercial).

17.09.12.- Aprobación expediente modificación créditos MC 11/2012.

17.09.12.- Inicio expediente sancionador tráfico.

18.09.12.- Adjudicar o contrato privado de aluguer de inmovible a D. JOSÉ MANUEL VARELA CARREGAL, en nome e representación da empresa ELECTRICIDAD CRUCEIRO S.L., do inmovible sito en Agronovo-Os Ánxeles.

18.09.12.- Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos de gabinete de comunicación do Concello.

18.09.12.- Disposición dun local axeitado e vehículo para os traballadores a contratar pola Deputación para realizar as obras de mantemento ou limpeza, execución de pequenas obras municipais, mantemento de infraestruturas viarias, limpeza de viais urbanos, áreas verdes, etc.

18.09.12.- Devolución do pago do ICIO da licenza para construír dúas vivendas unifamiliares no Outeiro 31 e 32, Bastavales, á empresa Construcciones Santa Xusta S.L por importe de 6.634,95 euros.

18.09.12.- Inicio expediente de limpeza no lugar da Gándara.

18.09.12.- Aprobación do proxecto da obra "Supresión de fosas sépticas e conexión destas á rede xeral de saneamento, no lugar de Romarís, parroquia de Bastavales, cun orzamento de 40.944,45 €, IVE (21%) incluído e aprobación do expediente de contratación polo sistema de contrato menor.

18.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros ( Cableuropa, SAU).

20.09.12.- Convocatoria sesión extraordinaria do Pleno a celebrar o 24 de setembro.

20.09.12.- Inicio expediente contratación do servizo de consultoría e asistencia técnica en materia de recursos humanos para o Concello de Brión.

20.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 49.502,19 euros. (facturas varias).

20.09.12.- Desestimación do recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup>. María Arufe Pérez, contra a liquidación de taxas urbanísticas por importe de 60 €.

20.09.12.- Nomear á funcionaria Elisa Gómez Ferreiro, como secretaria accidental do Concello durante o día 21 de setembro.

21.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 24.520,53 euros. (Gas Natural SUR).

24.09.12.- Contratación do servizo de “FOGOS DE ARTIFICIO FESTAS SANTA MINIA 2012”, á empresa PIROTECNIA LÓPEZ por un importe de 6.100,00 €, ive incluído.

24.09.12.- Inicio expediente limpeza en Cirro.

24.09.12.- Aprobación da xustificación da subvención do ano 2012 presentada pola Sociedade Deportiva Brión.

24.09.12.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 25 de setembro.

24.09.12.- Confirmación das prazas relativas ás solicitudes presentadas para participar en actividades para a terceira idade durante o curso 2012-2013.

25.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.318,25 euros. (cota xullo Mancomunidade Serra do Barbanza).

25.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 5.500,95 euros. (Gas Natural SUR).

25.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.883,09 euros. (Unión Fenosa Comercial).

25.09.12.- Inicio expediente limpeza fincas en Osebe.

25.09.12.- Inicio expediente limpeza fincas en Av/ Vicente Ramos.

26.09.12.- Ordear a un veciño a inmediata paralización das obras que está a realizar no lugar de Beca núm. 8-Bastavales, por estar realizando unha soleira de formigón pulido no fronte da parcela por fora do peche.

26.09.12.- Aprobar a conta xustificativa da subvención “Programa dirixido á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2012”.

26.09.12.- Pago nómina a traballadores.

26.09.12.- Pago gratificación a un laboral.

26.09.12.- Pago diferenza específico a secretario accidental mes de setembro.

26.09.12.- Recoñecemento de trienios a 3 laborais.

26.09.12.- Pago de produtividade.

26.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 162,30 euros (Xunta de Galicia).

28.09.12.- Renovación da licenza municipal para a tenza de animais dos cualificados como potencialmente perigosos a un veciño.

28.09.12.- Declaración de caducidade de inscricións no padrón municipal de habitantes.

28.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.442,00 euros (Telefónica de España S.A.).

01.10.12.- Inicio expediente de contratación do servizo de instalación de catro máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending no pavillón polideportivo municipal e campo de fútbol de herba artificial.

01.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 429,91 euros (Telefónica Móviles España S.A.).

01.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 94,34 euros (Comunidade de Propietarios Agro Novo-bloques 1-2).

02.10.12.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de setembro.

02.10.12.- Baixa no padrón de habitantes por cambio de domicilio.

02.10.12.- Inclusión de dous veciños na actividade Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2012.

02.10.2012.- Admisión de dous veciños no Programa de Axudas ao Transporte.

02.10.12.- Aprobar o listado de familias beneficiarias da segunda fase de distribución de alimentos excedentes da Unión Europea para 2012.

02.10.12.- Devolución do aval para responder do servizo de "ESCOLAS DEPORTIVAS 2011", a Barbatana SL.

02.10.12.- Devolución do aval para responder do servizo de "ESCOLAS CULTURALS 2011", a Barbatana SL.

02.10.12.- Devolución do aval para responder do servizo de "ESCOLAS MUSICAIS 2011", a Barbatana SL.

02.10.12.- Devolución da fianza para responder das obras de "Urbanización ordinarias de fronte de parcela na construción dunha vivenda unifamiliar en Bastavaliños nº 36, Bastavales", a Montarrío SL

02.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 145,20 euros (Centyc Europa, S.L.).

03.10.12.- Baixa dun veciño no servizo de axuda a domicilio.

03.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 100,00 euros (Comunidade de Propietarios Agro Novo-Zonas Comunes).

04.10.12.- Limpeza fincas en Brans de Abaixo.

05.10.12.- Aprobar a conta xustificativa da subvención "Promoción da lingua galega".

05.10.12.- Proceder ao reintegro da subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2010, por importe de 1.112,42 euros.

05.10.12.- Altas no padrón de habitantes mes setembro.

05.10.12.- Baixas no padrón de habitantes mes setembro.

05.10.12.- Requirimento ao propietario dunha finca en Av/ dos Ánxeles, para que no prazo de quince días naturais proceda a xestionar a biomasa vexetal.

05.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.150 euros. (gastos funcionamento PSG-PSOE durante o primeiro semestre de 2012).

05.10.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos premios da XXX Carreira Popular da Amaia polo importe total de 1.040 euros.

08.10.2012.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística por obras sen licenza en Rúa Tarrío núm.13.

08.10.2012.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística por obras sen axustarse ás condicións da licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 29.11.2011 na aldea de Gronzo.

08.10.2012.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio dependentes correspondente ao mes de setembro de 2012.

08.10.2012.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de setembro de 2012.

08.10.2012.- Autorización festexos na honra de N<sup>a</sup>. Sr<sup>a</sup>. do Pilar.

08.10.2012.- Paralización de obras e incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística por estar realizándose obras sen licenza en A Graña-Cornanda.

08.10.2012.- Inicio expediente de contratación do servizo de axuda no fogar por procedemento aberto con varios criterios de adjudicación.

08.10.2012.- Altas e baixas en actividades de prevención e inserción e aprobación dos prezos.

09.10.2012.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.318,25 euros. (cota agosto Mancomunidade Serra do Barbanza).

09.10.2012.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de outubro de 2012.

09.10.2012.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao Concello por importe de 2.159 euros pola Secretaría Xeral de Igualdade para o programa de fomento da conciliación: Bos días cole.

10.10.2012.- Elevación a definitivo do acordo do Pleno do 12.09.2012 de aprobación do expediente de modificación de créditos 10/2012.

10.10.2012.- Aprobación do expediente contratación do servizo de consultoría e asistencia técnica en materia de recursos humanos para o Concello de Brión mediante procedemento negociado sen publicidade.

10.10.2012.- Designación das dúas traballadoras sociais do Concello como xestoras dos informes de estranxería a remitir de xeito telemático.

11.10.2012.- Convocatoria Pleno ordinario a celebrar o 17.10.2012 e convocatoria Comisión Informativa para 16.10.2012.

O Pleno queda enterado.

### **3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 11.10.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 16.10.2012, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido á necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente, tales como:

- Obra de Instalación do enlace e acometida no Bombeo de Nináns.
- Obra de Instalación do enlace e acometida no Grupo de Presión de Reboredo Pequeno.
- Obra de Instalación do enlace e acometida no Bombeo de Perros.
- Retirada marquesiñas propiedade do Concello e traslado a outros lugares do mesmo e traslado, montaxe e instalación das marquesiñas do Transporte Metropolitano.

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente. Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranche da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente as baixas por anulación parcial doutras partidas do estado de gastos do orzamento en vigor, e na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaplazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 13/2012, de créditos extraordinarios financiados con cargo a baixas por anulación parcial doutras partidas do estado de gastos do orzamento en vigor, por importe de **15.916,88 euros**, de acordo co seguinte esquema:

**1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS** ( partidas non dotadas no orzamento )

PROX.	PARTIDA ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	155/629.00	Traslado, montaxe e instalación das marquesiñas do Transporte Metropolitano.	2.537,00
	155/639.00	Retirada marquesiñas propiedade do Concello e traslado a outros lugares do Concello	2.212,50
	161/609.00	Obra de Instalación do enlace e acometida no Bombeo de Nináns.	6.681,28
	161/609.00	Obra de Instalación do enlace e acometida no Grupo de Presión de Reboredo Pequeno.	1.095,07
	161/609.00	Obra de Instalación do enlace e acometida no Bombeo de Perros.	3.391,03
<b>TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS</b>			<b>15.916,88</b>

**2º FINANCIAMENTO.**

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes:

- A ) Con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.
- B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento corrente.
- C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial doutras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución por un importe total de **15.916,88.**

PROX	Partida Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante ( €)	Explicación da baixa na consignación
	151/121.00	7.821,56	1.025,85	6.795,71	Un funcionario está en comisión de servizos e hai unha plaza vacante
	323/131.00	29.768,76	9.000,00	20.768,76	Concedeuse unha subvención que cubre o custo de

					persoal de febreiro a decembro
	323/160.00	9.861,55	2.500,00	7.361,55	Concedeuse unha subvención que cubre o custo de persoal de febreiro a decembro
	161/227.99	262.227,92	3.391,03	258.836,89	Estaba orzamentada en esa aplicación a conexión do Bombeo de Perros.
	<b>TOTAL</b>		<b>15.916,88</b>		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito.

Importe total do financiamento.....	15.916,88
c) Con cargo a baixas por anulación total de outras partidas.....	15.916,88€

2.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

E dada conta igualmente do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do expediente de modificación de créditos MC 13/2012, do 11 de outubro de 2012, que transcrito na súa conclusión di:

Se conclúe do cálculo anterior a capacidade de financiamento deste Concello, polo tanto, a situación é de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, polo que, de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, procede:

a) Elevar este informe ao Pleno para a súa toma de razón.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:



Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos, tomando igualmente coñecemento do informe de Intervención.

#### **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN DE CRÉDITOS NON DISPOÑIBLES.**

Se incorpora neste intre ao Pleno o Sr. Concelleiro Cambón Fernández.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 11.10.2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 16.10.2012, que transcrita di:

De conformidade coa nota informativa relativa á aplicación polas entidades locais do disposto nos artigos 2 do Real Decreto Lei 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, e 22 da Lei 2/2012, de orzamentos xerais do Estado para o presente exercicio, establécese a procedencia de levar a cabo un acordo de non dispoñibilidade de créditos, co fin de declarar non dispoñibles as cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, cuxa inmovilización e destino estableceu a Lei.

Será necesario polo tanto declarar como non dispoñibles os créditos municipais que están consignados no orzamento e afectalos ao fin que no propio artigo 2 se cita ( aportacións a plans de pensións ou similares).

Considerando pois necesario proceder á declaración como créditos non dispoñibles dos créditos previstos, no presente exercicio para o abono da paga extraordinaria, e das adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes e correspondentes ao mes de decembro

Visto o expediente tramitado e o informe de Intervención, popoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar como non dispoñibles os créditos municipais que están consignados no orzamento no presente exercicio para o abono da paga extraordinaria, e das adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes e correspondentes ao mes de decembro, e afectalos ao fin do artigo 2 do Real Decreto Lei 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade ( aportacións a plans de pensións ou similares).

Os créditos popostos para ser declarados como non dispoñibles son os que a continuación se detallan:

	PROXECTO	FUNCIONAL	ECONÓMICA	IMPORTE
FUNCIONARIOS		920	120.00	684,36
		920	120.01	699,38
		920	120.03	1.244,60
		920	120.04	1.781,37
		920	120.05	548,47
		920	120.06	681,00
		920	121.00	3.527,29
		920	121.01	4.058,63
		151	120.00	684,36
		151	120.06	52,62
		151	121.00	582,92
		151	121.01	761,61
		155	120.05	548,47
		155	120.06	107,76
		155	121.00	317,85
		155	121.01	417,72
		161	120.05	548,47
		161	120.06	132,46
		161	121.00	317,85
		161	121.01	417,72
		931	120.00	684,36
		931	120.04	593,79
		931	120.06	70,35
		931	121.00	1.227,19
		931	121.01	1.483,12
		132	120.03	1.866,90

		132	120.06	75,92
		132	121.00	959,95
		132	121.01	1.122,36
LABORAIS	2012026	134	13100	3.669,09
	2012025	134	13000	1.518,11
		151	13100	1.333,45
		155	13100	9.148,99
		161	13100	6.303,46
		163	13100	1.139,43
		171	13100	2.305,80
	2012009	230	13100	1.476,00
	2012008	230	13100	1.529,19
	2012007	230	13100	1.135,87
	2012006	230	13000	2.305,97
	2012028	241	14300	1.401,05
	2011030	241	14300	1.358,80
	2012012	321	13100	13.009,08
		321	13100	1.153,40
	2012012	321	13000	1.502,73
		323	13100	1.282,56
		330	13100	5.342,68
		330	13000	1.866,00
		340	13100	1.227,56
	340	13000	1.302,82	
	920	13100	2.124,94	
<b>TOTAL</b>				<b>89.635,83</b>

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

## **5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 04.10.2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 16.10.2012, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos tipos impositivos ata o importe necesario para a xeneración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles, en execución do mencionado acordo plenario, modificación que consistirá no incremento do tipo impositivo xeral do 0,43% ao 0,44%.

Visto o expediente tramitado e o informe de Secretaría, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal nº 1-I, reguladora do imposto sobre bens inmobles, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, modificada por acordo do Pleno do 22.09.2010 publicado no BOP do 15.11.2010, e por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes, nos seguintes termos:

-. Se modifica o texto do art. 13, apartado a) 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

a) Bens inmobles de natureza urbana:

1. O tipo de gravame xeral aplicable aos bens inmobles de natureza urbana queda fixado no 0,44%.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que

non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 04.10.2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 16.10.2012, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos tipos impositivos ata o importe necesario para a xeneración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm.3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, en execución do mencionado acordo plenario, modificación que consistirá no incremento do coeficiente a aplicar sobre as cotas do 1,13 ao 1,14.

Visto o expediente tramitado e o informe de Secretaría, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm.3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, modificada por acordo do Pleno do 22.09.2010 publicado no BOP do 15.11.2010 e e por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril de medidas extraordinarias e urxentes, nos seguintes termos:

-. Se modifica o texto do art. 8, apartados 1 e 3, que pasan a ter a seguinte redacción:

1. O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,14 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

### TARIFAS

#### **a ) Turismos**

	Potencia e clase do vehículo	Cota
a.1	De menos de 8 cabalos fiscais	14,39 €
a.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	38,85 €
a.3	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	82,01 €
a.4	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	102,15 €
a.5	De 20 cabalos fiscais en diante	127,68 €

#### **b) Autobuses**

	Potencia e clase do vehículo	Cota
b.1	De menos de 21 prazas	94,96 €
b.2	De 21 a 50 prazas	135,25 €
b.3	De máis de 50 prazas	169,06 €

#### **c) Camións**

	Potencia e clase do vehículo	Cota
c.1	De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	48,20 €
c.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	94,96 €
c.3	De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	135,25 €

c.4	De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	169,06 €
-----	--	----------

#### d) Tractores

	Potencia e clase do vehículo	Cota
d.1	De menos de 16 cabalos fiscais	20,14 €
d.2	De 16 a 25 cabalos fiscais	31,66 €
d.3	De máis de 25 cabalos fiscais	94,96 €

#### e) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica

	Potencia e clase do vehículo	Cota
e.1	De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	20,14 €
e.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	31,66 €
e.3	De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	94,96 €

#### f) Vehículos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
f.1	Ciclomotores	5,04 €
f.2	Motocicletas ata 125 c.c.	5,04 €
f.3	Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	8,63 €
f.4	Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	17,27 €
f.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.	34,53 €
f.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	69,06 €

3. No caso de que nas leis de presupostos do Estado se modificara o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,14 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas leis de presupostos estatais.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 04.10.2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 16.10.2012, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos coeficientes a aplicar sobre as cotas de tipos impositivos ata o importe necesario para a xeneración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, en execución do mencionado acordo plenario, modificación que consistirá no incremento da porcentaxe anual nun 2%.



Visto o expediente tramitado e o informe de Secretaría, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 274, do 24.12.2009, modificada por acordo do Pleno do 22.09.2010 publicado no BOP do 15.11.2010 e por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril de medidas extraordinarias e urxentes, nos seguintes termos:

-. Se modifica o cadro do art. 8 apartado 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

a) Periodos de un (1) ata cinco anos: 2,49 por cento.

b) Periodos de ata dez anos: 2,38 por cento.

c) Periodos de ata quince anos: 2,26 por cento.

d) Periodos de ata vinte anos: 2,16 por cento.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 11.10.2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 16.10.2012, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos coeficientes a aplicar sobre as cotas de tipos impositivos ata o importe necesario para a xeneración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, modificación que consistirá no incremento do coeficiente sobre as cotas nun 2% máis o IPC do 3,4% de setembro de 2011 a setembro de 2012, co fin de que as cotas se aproximen aos custos que xenera a prestación do servizo.

Visto o expediente tramitado, o informe de Secretaría e o informe técnico económico de Intervención sobre o custe do servizo, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, modificada por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril de medidas extraordinarias e urxentes, e para que as cotas se aproximen aos custos que xenera a prestación do servizo.

- Se modifica o Anexo:Tarifas, que pasa a ter a seguinte redacción:

#### **ANEXO: TARIFAS**

<b>TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES</b>	
Epígrafe 10.-Vivendas:	81,35
Concepto 1000: Recollida	
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 193,84 euros)	21,71
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 193,84 euros)	20,67

Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 193,84 euros)	17,12
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 193,84 euros)	15,69
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 176,05 euros)	14,25
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	4,70
Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 176,05 euros)	14,25
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 102,90 euros)	8,67
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 98,24 euros)	6,96
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 492,28 euros anuais)	40,93
Concepto 1110: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudiantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros (cun mínimo de 423,52 euros).	14,25
Concepto 1111: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudiantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada Centro, ó ano	348,10
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m <sup>2</sup>	174,07
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: RESTAURANTES	
120000 De Categoría de Luxo	765,86
120001 De Categoría 1ª	696,23
120002 De Categoría 2ª	565,68
120003 De Categoría 3ª	452,49
120004 De Categoría 4ª	339,43

Concepto 1201: CAFETERÍAS	
120100 De Categoría Especial	609,22
120101 De Categoría 1ª	478,67
120102 De Categoría 2ª	391,65
120103 De Categoría 3ª	191,46
Concepto 1202: BARES	
120200 De Categoría Especial, epígrafe 673.1 I.A.E.	696,23
120201 Otros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (zona urbana)	156,59
120201 Otros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (resto)	130,56
Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES	696,22
Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	435,15
120401 Os demais	217,57
Concepto 1205: TEATROS E CINES	
120500 Teatros e Cines con local pechado	295,91
120501 Teatros e Cines con local aberto	87,03
Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS	
120700 Ata 10 empregados	
120700.00 De 1 empregado	137,91
120700.01 De 2 a 4 empregados	206,86
120700.02 De 5 a 7 empregados	275,82
120700.03 De 8 a 10 empregados	344,77
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	551,63

120702 Máis de 20 empregados, ata 50	1.103,30
120703 Máis de 50 empregados, ata 100	2.015,32
120704 Máis de 100 empregados	4.017,30

Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS O POR MAIOR DE PRODUCTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	
120801 Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m <sup>2</sup>	2.068,68
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m <sup>2</sup> e 120 m <sup>2</sup>	413,74
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m <sup>2</sup> e 60 m <sup>2</sup>	275,82
120801.03 Con superficie inferior a 60 m <sup>2</sup>	137,91
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Pescaderías e carnicerías, verdulerías e froiterías	137,91
120802.01 Os demais establecementos	104,43
120803 Mercados Centrais de Maioristas:	
120803.00 Entidades Xestoras dos Mercados Centrais Maioristas	2835,62
120803.01 Por cada posto modular	409,28
Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINERAS E ESTACIÓNS DE SERVICIOS.	
Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro	826,78
Concepto 120902 Gasolineiras e Estacións de Servicio, por surtidor (ata un máximo de 558,14 euros)	174,06
Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Productores de menos de 1000 l de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m <sup>2</sup> de superficie	367,09

121001 Dende 500 m <sup>2</sup> ata 1000 m <sup>2</sup> de superficie	735,23
121002 Máis de 1000 m <sup>2</sup> de superficie	1102,33
Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS	
121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano	217,57
NOTA: Pa os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ao pagamento deberán declara-la media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectifica-las declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	
Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS	104,43
Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS	32,88
Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES	104,43
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas reseñadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o Concepto 121100.	
TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO	
Epígrafe 20.-Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 3,05 euros.	0,03
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 3,86 euros.	0,05
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada Kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 43,32 euros).	0,14
TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS	
Epígrafe 30.-Limpeza	

Por cada m <sup>2</sup> de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 54,30 euros):	0,03
Epígrafe 31.-Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertederos:, +	
Concepto 3100: Por cada Kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 43,32 euros):	0,14
Concepto 3101: Por cada m <sup>3</sup> de residuos inertes, euros (cun mínimo de 43,31 euros):	13,64
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza	
TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS	
Epígrafe 40.-Recollida de vehículos	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	30,81
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 Kg.	63,65
Concepto 4002: Pola retirada de camións, tractores, turismos , remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 Kg.	157,79
Epígrafe 41.-Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,49
Concepto 4101: automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 Kg., por día	3,92
Concepto 4102: Camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 Kg., por día	8,34
NOTA 1ª.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
NOTA 2ª.-No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado éste debido á presenza do interesado, satisfarase o 50% da tarifa que puidese corresponder.	
NOTA 3ª.-As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.	

TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE CONTEDORES DE ENTULLO	
Epígrafe 50.-Retirada e transporte a depósito	108,02
Epígrafe 51.-Depósito por cada día de estancia	3,51
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS	
Epígrafe 60.-Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	Euros
Concepto 6001: Por cada m <sup>2</sup> de limpeza e de retirada de carteis	24,07
Concepto 6002: Por cada m liñal de limpeza de pintadas	24,07
Concepto 6003: Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros:	13,77
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA	
Epígrafe 70.-Por cada unidade de peso menor de 70 Kg, euros:	21,29
Epígrafe 71.-Por unidade de peso superior a 70 Kg, euros:	68,17
TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K	
A cota tributaria será o resultado de aplica-lo número e entidade dos medios persoais e materiais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo investido, e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:	
Epígrafe 80.-Persoal	Euros
Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	60,36
Concepto 8001: Encargado, Xefe, Capataz ou Inspector dos Servizos, por cada hora ou fracción	27,65



Concepto 8002: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15 % adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	17,01
Epígrafe 81.-Materiais	Euros
Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración da Mancomunidade do Barbanza, a prezos de mercado.	
Concepto 8101: Vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, excavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade e hora, sen conductor, euros:	27,65
Concepto 8102: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	17,02
Epígrafe 82.-Desprazamentos	Euros
Concepto 8200: Por Km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta, euros:	1,15
Concepto 8201: Por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,37
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

### **9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 04.10.2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 16.10.2012, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 12 T, reguladora da taxa pola subministración de auga motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do IPC do 2,7%, do período de agosto 2011 a agosto 2012, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de Secretaría e o informe técnico-económico de Intervención sobre o custo do servizo que constitúe o feito impositivo da taxa pola subministración de auga, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordo do Pleno do 20.10.2010, publicado no BOP do 13.12.2010, e por acordo do Pleno do 03.11.2011, publicado no BOP do 22.12.2011, nos seguintes termos:

-. Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

#### **Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral**

<b>Tarifa</b>	<b>Concepto</b>	<b>Tarifa</b>
1.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,573 €/ m <sup>3</sup>
1.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,749 €/ m <sup>3</sup>
1.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	1,120 €/ m <sup>3</sup>

#### **Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña**

<b>Tarifa</b>	<b>Concepto</b>	<b>Tarifa</b>
2.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,422 €/ m <sup>3</sup>
2.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,463 €/ m <sup>3</sup>
2.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	0,559 €/ m <sup>3</sup>

#### **Epígrafe 3. Acometidas**

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

**Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.**

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
3/4"	196,49	253,03	303,09
1"	211,78	267,26	314,49
1 1/4 "-1 1/2"	254,77	310,83	358,09
2 "	303,17	358,07	405,89

**Prezos para a acometida de máis de 5 m.**

	3/4"	1"	1 1/4 "-1 1/2"	2 "
(A) incremento € por m	9,12	10,68	15,27	25,64
(B) incremento € por m	20,12	21,72	26,26	36,63
(C) incremento € por m	24,22	25,13	30,29	40,61

**Epígrafe 4. Contadores**

**Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar**

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	80,52 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	102,03 €/ud.

**Instalación de arqueta no chan**

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión.	179,37 €/ud.

**Contador de diámetro superior a 15 mm.**

Características

Según orzamento para cada caso

### Contadores ( sen colocación )

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	55,26 €/ud.
Ø 15 mm	62,89 €/ud.
Ø 20 mm	76,77 €/ud.
Ø 25 mm	125,06 €/ud.
Ø 30 mm	174,82 €/ud.
Ø 40 mm	271,01 €/ud.
Ø50 mm	592,17 €/ud.
Ø 65 mm	734,09 €/ud.

### Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,16 €/ ud.

### Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón

Esta cota é a que se refire ó reestablecemento do suministro

	Tarifa
Cota	28,02 €/ ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das

bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

## **10º) MOCIÓNS.**

Apróbase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia da seguinte moción.

### **1º) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) PARA IMPEDIR A PERDA DO PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012.**

Dada conta polo Sr. Concelleiro Pena Espiña da moción, que transcrita di:

As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica están a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu emprego.

Até o de agora, o "programa de reformas" executado polo PP só deu como resultados máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica, e un maior estancamento do crédito ás persoas emprendedoras, empresas e familias. Ningún sector económico é alleo nestes momentos á crise, porén tampouco se están a elaborar estratexias para reactivar o pulso económico nos mesmos.

A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima amosa como este Goberno está a empregar a crise máis como un pretexto para avanzar no modelo de sociedade cada vez máis

desigual que abandeira a doutrina neoliberal, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzamento de privilexios para minoritarias elites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado español, que "as medidas de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada os grupos desfavorecidos", asegurando ademais que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.

O último episodio desta errática política económica constitúeo o Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais para as empregadas e os empregados públicos, á redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten linealmente as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.

A aprobación de dita norma realizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de terse publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o Presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.

Unha auténtica imposición, que no caso dos concellos socava a autonomía local, ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, polo que supoñen de atacar de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademais da súa inutilidade, como xa se ten demostrado.

A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2012 imponse dun xeito unilateral, malia que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a crise, e como resultado deu precisamente o contrario do que se perseguía. Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas traballadoras, entre elas as persoas que desenvolven o seu traballo no sector público, sexa unha medida que contribúe á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.

No caso concreto do noso Concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise pois reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente a pequenas e medianas empresas, ao pequeno comercio, en xeral ao tecido económico deste concello.

Por iso, ante o escenario deseñado polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas cuxo único e real obxectivo consiste en recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal en contra desa política, alén de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.

Por iso, pídeselle do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.
2. Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.
3. Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos do Concello de Brión, instando á Alcaldía a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.

Debate:

Explica o Sr. Concelleiro Pena Espiña que en resumo ante tanto recorte de dereitos algo hai que facer e por iso se presenta a moción.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, se informa que as leis deben cumprirse e que non se pode compensar mediante o complemento de produtividade posto que os créditos son indispoñibles e posto que noutro caso se estaría a cometer fraude de lei, a norma ten carácter básico e é de obrigado cumprimento por todas as administracións públicas.

A Srª Concelleira Vázquez García sinala que cando se toman estas medidas é porque hai argumentos importantes para tomalas e que ao mellor se o BNG non apoiara no seu día ao goberno do Sr. Zapatero non estaríamos como estamos, e a medida está lexitimada porque é legal e foi aprobada pola maioría absoluta do goberno.

O Sr. Alcalde sinala que pode haber maioría absoluta ou non pero que a medida é inxusta; engade que a moción recolle a realidade do que é, estamos facendo cada día máis pobres aínda que hai xente, como viña no xornal, como a Koplówich, que incrementou o seu patrimonio en 60 millóns de euros.

Sinala o Sr. Alcalde que respecto dos dous primeiros puntos non hai problema porque se axustan á legalidade e con respecto ao terceiro non se pode utilizar ese diñeiro para compensar, que hai que cumprir a lei guste ou non, nós imos cumprir a lei, se ben lle informo que o Concello non utilizou o complemento de produtividade do terceiro e cuarto trimestre deste ano para que se trate de facer un reparto máis equitativo en función do que din as bases de execución do orzamento e no que a esta Alcaldía afecta se tomarán as medidas para que a redución sexa o máis ecuánime posible, pero sen compensar nada.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o terceiro apartado é o máis importante, por iso se pon de xeito ambiguo compensar a perda de poder adquisitivo, da forma que sexa máis oportuna, que o Concello pode actuar nese sentido, que é importante deixar iso formalizado para que esa perda non sexa tal perda, que é unha moción insumisa, que fronte a unha medida inxusta, aínda que sexa legal, eu me planto.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que non estamos aquí para ver se é xusto ou inxusto, que hai unha lei e hai que cumprila, e se no seu momento o Sr. Alcalde presenta unha alternativa non teríamos problema en aprobalo, pero que co que se presenta hoxe nesta moción nós non podemos aprobala, só podemos cumprir a lei.

O Sr. Alcalde sinala que eu fun informado por Secretaría de que non é legal compensar esta perda da paga extra e por iso imos votar.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non admite a emenda in voce presentada pola Alcaldía no senso de votar os dous primeiros apartados da moción e eliminar o terceiro, polo que se proceda a votar a moción presentada nos seus propios termos.

Sometida a votación a moción presentada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor:1, pertencente ao grupo MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Abstencións: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Queda rexeitada a moción.

## **11º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **1-. Rogo por escrito do grupo municipal do PP.**

Desde o Goberno Central, como medida de axuste para a nosa economía, para este ano 2012 acordouse que os empregados públicos de todas as administracións, non perciban a paga extra de nadal, correspondente ao mes de decembro.

A devandita medida, inclúe polo tanto os empregados da administración local, autonómica e estatal.

Como acto de solidariedade e compañeirismo cara aos empregados públicos locais, en moitísimos Concellos de todas as siglas políticas, os Alcaldes e aqueles/as Concelleiros/as que perciben algún tipo de retribución mensual de xeito periódico (dedicación parcial ou completa), anunciaron publicamente a súa decisión de renunciar tamén eles, a cobrar a devandita paga extra.

Así aconteceu en Concellos limítrofes ao noso, como en Ames, Negreira, Santiago, etc. Cando non son os propios Alcaldes os que o anuncian publicamente, son os membros dos grupos da oposición os que llo solicitan, supoñendo deste xeito, un aforro económico para as arcas municipais.

No caso de Brión e ata a data, nin o Alcalde nin ningún dos Concelleiros que mensualmente perciben retribucións polas súas dedicacións, informaron publicamente da súa decisión.

Por conseguinte, elévase ao Pleno o seguinte rogo:

-. Que polos motivos anteriormente expostos, o Alcalde de Brión así como os Concelleiros/as que perciben retribucións mensuais pola súa dedicación (parcial ou completa), renuncien á paga extra de nadal do presente ano 2012.

O Sr. Alcalde sinala que nós fomos solidarios sempre, incluso sen necesidade ningunha, e así podo dicirlle que eu por exemplo estou a cobrar un 13,64% menos que hai dous anos, e que coa redución voluntaria do soldo que fixemos no seu día fomos solidarios co persoal desde o ano 2010 e imos facer absolutamente o mesmo que fagamos co persoal e cobraremos en proporción ao que sexamos capaces de pagar cos trimestres deste ano de productividade que están pendentes e en proporción a iso tentaremos ser solidarios e reducir as pagas.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que esa paga extraordinaria se destine a beneficencia, sen empregar esta palabra en sentido peiorativo.

O Sr. Alcalde sinala que estudiarase e se pode ser legal se destinará a iso, ao banco de alimentros ou ao que sexa necesario.



Polo Sr. Alcalde expónse que quedaron unhas preguntas pendentes de plenos ordinarios anteriores do PP e ese grupo foi ao Valedor do Pobo a presentar unha queixa; teño que dicir que hai máis xente aquí e se olvido responder algunha pregunta se me pode recordar que eu a respondo sen problemas, que eu respondo sempre as preguntas, se ben as respondo como eu creo que debo contestar; respecto destas dúas preguntas, unha foi no Pleno do 18.04.2012 e concretamente foi: Me pode informar das razóns do expediente de reposición da legalidade urbanística incoado a Urban Servicios Inmobiliarios S.L. por decreto do 16.03.2012?, e posto que na acta do Pleno do 18.04.2012 figura literalmente na transcripción dos decretos dictados por esta Alcaldía: “” 16.03.12.- Incoación expediente de reposición da legalidade a URBAN SERVICIOS INMOBILIARIOS, S.L. por non axustar a actividade que se está a desenvolver en Rourís, á licenza de apertura concedida ””, eu creo que está contestado o que se preguntaba, pero xusto aos dous días, eu creo que está contestado, non é certo?. A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Vázquez García responde que si.

Respecto da segunda pregunta que quedou sen reponder, pido disculpas, foi un erro, a pregunta era: Na piscina dos Ánxeles hai un cartel que informa da próxima apertura de pista de padel, ¿como é iso?.

Responde o Sr. Alcalde que a piscina dos Ánxeles ten unha utilización en verán de tres persoas ao día, que é unha instalación moi antiga, e esa utilización non xustifica gastar cartos nesa piscina, por iso se puxo un cartel e se lle dixo ao Consello Escolar que nos deran ideas e en función do presuposto do ano seguinte se poderá facer ou non; así en reunión do Consello Escolar do 9 de outubro, acordaron:

1º. Solicitar ao Concello, que nos terreos que ocupa a piscina municipal, ubicada á beira da escola, nos constrúan un espazo cuberto, no que poder realizar os recreos así como as clases de psicomotricidade, por carecer a escola dun espazo amplo para tales actividades.

Teño que dicir que isto escápase das competencias municipais, que son de mera conservación, que isto é cousa da Consellería.

En segundo lugar solicitan que no caso de non aceptar a primeira proposta, pediríamos que nos terreos da piscina nos instalen o parque de area (subir o que está abaixo), e que nos deixen algo de terreo para un horto escolar; e en terceiro lugar, como última opción, que constrúan unha pista de padel, que sexa de uso escolar polas mañás e veciñal polas tardes. Ao mesmo tempo que nos fagan un acceso ao parque a través da pista de baloncesto, de xeito que poidamos baixar ao parque sen saír do recinto escolar, e evitando deste xeito a estrada e os coches.

Engade o Sr. Alcalde que non hai ningunha decisión tomada, se enviará a solicitude á Consellería para ver se o asumen e volvo facer o rogo de que se algunha vez queda algunha pregunta sen responder se me recorde porque non é intención desta Alcaldía deixar ningunha pregunta sen responder.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e coarenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.  
Vº e Prace.

O Secretario.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.